

CONCENCIA DA GALICIA

Por ANXEL FOLE

Castelao dá a millor versión do noso pobo.

O de Castelao, "post mortem", é un caso cheo do meirande intrínseco pra todos nós. A bibliografía arredor da súa obra inmoredoira medróu e medróu nistes derradeiros anos. Por iso mesmo non é nada doado decir algo orixinal, algo que non estivese xa escrito. Cecais por iso corra un o risco de se copear a si mesmo, de se repetire.

Levo dito que o pobo galego é o gran destinatario da obra diste gran galego. E tamén levo escrito que o pobo galego é o seu protagonista. Pra Castelao Galicia é, de primeiro, o seu mesmo pobo.

E lémbrome agora que tamén escribín que un dos meirandes méritos do noso incomparábel artista era o de habere galeguizado a nosa pintura. Aa maioría dos artistas vidos dempoís de Castelao, do xeito que fosen, tiveron concencia da súa obra.

O primeiramente infruído foi o dibuxante humorístico coruñés Álvaro Cebreiro. Mais eu coido que tamén quedaron as pegadas da arte de Castelao nos dibuxos e na pintura de Carlos Maside, nos óleos de Torres e de outros dibuxantes e pintores dos nosos días. O seu xeito de fitar pró pobo campesiño e mariñeiro.

Alfonso Castelao dibuxóu cregos, picariños, caciques, tendeiros, indianos, concellás, etc. Era ise o seu pobo e ise pobo era a humanidade galega dos agros, aldeas e vilas, tanto da beiramar como de Galicia adrento.

Mais a raiolante singularidade de Castelao era o avencellamento do dibuxante co escritor. A pluma e mail-o lápiz servíanse

de mutuo. Endeporsí, pra eispresión do seu incomparábel humorismo. O humorismo do noso esgrevío artista ten sempre iste senso fundamental: cuáseque sempre a derradeira fala a dí o seu corazón. Sinte decote na súa entana o sofrimento do pobo galego.

Lémbrome de Castelao en tal ou cál sucedo da súa vida, nas súas oracións en defensa do pobo galego. N-aquíl banquete que lle deran en Lugo, nos derradeiros días do mes de San Xohán do ano trinta e dous, cando era diputado das Cortes constituíntes da II República. Fora un dos máis fermosos discursos da súa vida, en contesta dos tan ademirábeles discursos do doutor Rodríguez Carrasco e máis do de Otero Pedrayo. Tremelecialle a fala lentorecida de bágoas. E tamén fixo rír a concurrencia ca glosa humorística dos seus anos de estudante en Santiago.

E volvinlle oír outra soberbia oración no aito da inauguración no monumento a Curros, na Cruña, o día de Santiago do ano trinta e cinco. Voltaba de Badaxoz, a onde fora trasladado, i escomenzóu asina o seu discurso: "Veño das terras quentes do Sul, onde os homes morren de fame en verdadeiros mares de pan..."

Entón ocurriúseme pensar que a oratoria do noso gran escritor e dibuxante falaba de outro xeito que a dos oradores galeguistas d-aquels anos. Como si pensase moito máis os seus discursos, como si improvisase moito menos o que se dí. Por iso asemellaban as súas falas, moitas veces, ós versículos dos salmos. Tiñan sentido poético. E falaba sempre co corazón fora do peito, como o arrepresentara aquel inesquencíbel dibuxo de Luís Bagaría publicado no diario de Madrid "El Sol".

Mais tamén conozo o Castelao das conversas das peñas de café, onde deitaba a xorros o seu tan carauterístico humorismo. Falaba de xentes que eu non conocera e lles atribuía trazos de humor que parecían xurdidos do seu lápiz ou da súa pluma. Poño por caso, o médico de Rianxo, irmán do escritor don Victoriano García Martí. A súa ama de chaves daba fe da súa morte con istas falas: "Cando lle trouxeron os Divinos, dixo: *Esto se fastidió...* ¡*Al caracho!*... y entregó su alma a Dios..."

A versión artística e literaria do noso pobo que lle debemos a Castelao e tan fonda como graciosa. Entendendo por *gracia* tal como se entende en galego: simpatía. Era siñificativa e sensíbel.

Tamén a súa persoalidade como orador decía moito á xente moza dos anos trinta e tantos.

¿E non sería en Lugo, n-un mitín, onde se definira a il mesmo diste xeito humorístico?... “Eu son un galego químicamente puro, infusíbel ó soplete e inatacábel pol-os ácidos”.

Un dos máis outos fitos ergueitos no vieiro da tradición galeguista. Hai Castelao pra anos e anos. Unha obra carregada de engado e futuridade, que nos fai sentir fondo e pensar lonxe.